

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA curso 2023/24

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN



Profesores:

Manuel Angel Obeso Trueba
M^a Dolores Ferrández Casteleiro

Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado

FÍSICA E QUÍMICA (2º 3º 4º ESO e 1º BAC)

Instrumentos de avaliación.

A necesidade de dispoñer dun medio de avaliación contrastable fronte a calquera eventualidade que poida xurdir fai da proba escrita un procedemento de avaliación inescusable, pero non a única.

Os instrumentos de avaliación que empregarán os profesores para determinar a evolución do alumnado son os seguintes:

- Probas escritas
En cada avaliación faranse as probas escritas que se consideren necesarias (neste apartado están incluídos os exames escritos). Todos os exames deberán ser realizados por **todos** os/as alumnos/as sen excepción.
- Traballo diario
Valorarase mediante a observación directa (podéndose utilizar, por exemplo, escalas de observación) e a análise das producións dos alumnos (problemas numéricos, exercicios, ...) tanto no traballo de clase como na casa.
- Traballo de laboratorio
Valorarase mediante a observación directa do traballo realizado no laboratorio e mediante a análise do correspondente informe escrito de prácticas.
- Traballo de investigación
Este apartado inclúe traballos e exposicións e valorarase mediante a análise do informe escrito, a

exposición oral do traballo, a observación directa se a procura de información se realiza na clase e, se fose o caso, o debate cos compañeiros/as sobre o dito no traballo.

Procedementos de avaliación.

- As probas escritas deseñaranse con especial atención a comprobar as competencias do alumnado. O nivel de esixencia dependerá do curso ao que pertenza o alumno. En función dos contidos avaliados, as probas testarán:
 - Comunicación lingüística (CCL): Os alumnos construírán definicións de conceptos, magnitudes e unidades.
 - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM): os alumnos realizarán cálculos coa axuda da calculadora. A complexidade adaptarase a base matemática estándar para o curso que se avalía.
 - Competencia dixital (CD): nas probas escritas os alumnos terán que interpretar gráficos.
 - Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): os alumnos demostrarán coñecemento en procedementos xerais, por exemplo, sendo capaces de extrapolar os resultados dun caso a outros similares ou apreciar excepcionalidades. Deberán ser quen de aplicar os conceptos estudados a situacións problemáticas.
 - Competencia cidadá (CC). Os alumnos deberán ser quen de aplicar os conceptos estudados a situacións problemáticas da súa realidade cotián.
 - Competencia emprendedora (CE). Os alumnos deberán ser quen de propoñer solucións a problemas reais a partir dos coñecementos aprendidos.
- Con posterioridade a proba, facilitarase a cada alumno o resultado da mesma de xeito que resulte unha avaliación formativa na que se dean orientacións acerca dos coñecementos e dos procedementos.
- Ao longo do curso, o alumnado terá ocasión de recuperar as deficiencias detectadas. En cada caso, porase especial atención en especificar a cada alumno os aspectos concretos que debe recuperar; neste punto, e cando se trate de déficits instrumentais ou procedementais, pode ser axeitado contar coa colaboración do/a Titor/a do curso, o Departamento de Orientación ou mesmo a colaboración dos pais ou titores legais.

As participacións orais, aptitudinais e actitudinais, serán rexistradas polo/a profesor/a para cada alumno.

No momento de establecer a avaliación final, o/a profesor/a debe poder xustificar a mesma en base ao rexistro de todas as actividades sinaladas.

Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

A) AVALIACIÓN.

Os principios que deberán orientar a toma de decisións na avaliación son:

- Carácter procesual e continuo, que lle permita estar presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todo tipo de actividades e non só en momentos puntuais e illados.
- Considerar a totalidade de elementos que entran a formar parte do feito educativo e atenderá globalmente a todos os ámbitos da persoa.
- Terá en conta a singularidade de cada individuo/a analizando o seu propio proceso de aprendizaxe, as súas características e necesidades específicas.

Os criterios de avaliación están especificados en cada un dos cursos e para poder realizar correctamente a avaliación de cada un destes criterios é necesario realizar avaliacións en diferentes momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

B) CUALIFICACIÓN.

A ponderación dos diferentes aspectos do traballo do alumnado na nota dos diferentes cursos reflíctese na seguinte táboa*:

	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC
Probas escritas	60%	70%	70%	70%
Traballo diario	20%	10%	10%	10%

Traballo de laboratorio	10%	10%	10%	10%
Traballo de investigación	10%	10%	10%	10%

*No caso de que non se realizase traballo de laboratorio, a porcentaxe correspondente a este apartado acumularíase ao apartado de probas escritas; e no caso de que non se realizase traballo de investigación, a porcentaxe correspondente a este apartado acumularíase ao apartado de traballo diario.

A continuación, reflectimos como superar a materia segundo os diferentes cursos:

2º e 3º de ESO

A nota tras as tres avaliacións será a que resulte de facer a media aritmética das mesmas:

$$\text{NOTA A} = (\text{Nota 1ª Avaliación} + \text{Nota 2ª Avaliación} + \text{Nota 3ª Avaliación})/3$$

Se a cualificación final tras as tres avaliacións calculada segundo a operación anterior fose negativa (menor de cinco puntos sobre dez), o alumno/a deberá facer (no mes de xuño) unha proba final na que se incluírán todos os contidos impartidos ao longo do curso.

A nota da avaliación ordinaria será entón a que resulte de facer a seguinte operación:

$$\text{NOTA AVALIACIÓN ORDINARIA} = \text{Nota A} \cdot 0,40 + \text{Nota proba final recuperación} \cdot 0,60$$

Aqueles alumnos cuxa cualificación final tras as tres avaliacións (NOTA A) sexa maior o igual a cinco puntos sobre dez terán aprobada a materia sen necesidade de facer a proba final.

En cada avaliación poderán facerse varias probas escritas, a nota das probas escritas será a media aritmética das probas realizadas na avaliación (ha de terse en conta que, para un desenvolvemento axeitado da

programación, en cada proba escrita poderán entrar contidos de probas e/ou avaliacións anteriores).

4º ESO

Neste curso, únese o feito de que o nivel de afondamento nos contidos da materia é maior e que, na nosa opinión, están moito máis diferenciados os contidos de Física dos de Química.

Por iso, para obter a nota da materia, faremos a seguinte **operación**:

$$\text{Nota avaliación ordinaria} = \text{Nota Física} \cdot 0,6 + \text{Nota Química} \cdot 0,4$$

O sexa, unha media ponderada das dúas partes de materia.

Non obstante, unha vez terminada unha das dúas partes da materia (Física), se un alumno/a obtivo unha nota inferior a cinco puntos sobre dez na dita parte, poderá facer unha recuperación da mesma (probablemente nos meses de marzo ou abril) e, no mesmo xeito, se unha vez terminada a segunda parte da materia (Química), un alumno/a obtivo unha nota inferior a cinco puntos sobre dez, poderá facer a recuperación da dita parte (probablemente a finais de maio ou ao principio de xuño).

Se unha vez feitas as recuperacións correspondentes (se fose necesario), a **operación** indicada anteriormente dá un valor igual o superior a cinco puntos sobre dez, o alumno/a aprobará a materia (no caso contrario terá a materia suspensa).

Se o resultado final destas cualificacións é un número non enteiro, queda a criterio do profesor da materia, o redondeo ó número enteiro superior ou inferior, tendo en conta a súa actitude fronte a materia e as actividades desenvolvidas polo alumno, así como a evolución no seu proceso de aprendizaxe.

A nota das avaliacións parciais será a nota obtida ao facer a media ponderada dos distintos instrumentos de avaliación durante o período da mesma, sen ter en conta as recuperacións. Terá, por tanto, un carácter meramente informativo sobre o desenvolvemento do/a alumno/a durante a correspondente avaliación.

1º de Bacharelato

Para obter a nota da materia, faremos a seguinte **operación**:

$$\text{Nota avaliación ordinaria} = (\text{Nota Física} + \text{Nota Química})/2$$

O sexa, a media aritmética das dúas partes da materia.

Non obstante, unha vez terminada unha das dúas partes da materia (Química), se un alumno/a obtivo unha nota inferior a cinco puntos sobre dez na dita parte, poderá facer unha recuperación da mesma (probablemente nos meses de marzo ou abril) e, no mesmo xeito, se unha vez terminada a segunda parte da materia (Física), un alumno/a obtivo unha nota inferior a cinco puntos sobre dez, poderá facer a recuperación da dita parte (probablemente a finais de maio ou ao principio de xuño).

Se unha vez feitas as recuperacións correspondentes (se fose necesario), a **operación** indicada anteriormente dá un valor igual o superior a cinco puntos sobre dez, o alumno/a aprobará a materia na convocatoria ordinaria. Para os alumnos que se atopen nesta situación, o departamento ofertará unha serie de actividades de reforzo e ampliación destinadas á mellora das súas competencias.

No caso contrario, se a **operación** antedita dá un resultado inferior a cinco puntos sobre dez, o/a alumno/a correspondente poderá facer unha serie de actividades de repaso destinadas á recuperación da materia e terá que presentarse á proba da convocatoria extraordinaria na que se incluírán todos os contidos impartidos ao longo do curso.

Se o resultado final destas cualificacións é un número non enteiro, queda a criterio do profesor da materia, o redondeo ó número enteiro superior ou inferior, tendo en conta a súa actitude fronte a materia e as actividades desenvolvidas polo alumno, así como a evolución no seu proceso de aprendizaxe.

A nota das avaliacións parciais será a nota obtida ao facer a media ponderada dos distintos instrumentos de avaliación durante o período da mesma, sen ter en conta as recuperacións. Terá, por tanto, un carácter

meramente informativo sobre o desenvolvemento do/a alumno/a durante a correspondente avaliación.

Por outra banda, referíndose exclusivamente ao curso de primeiro de bacharelato, establécense unha serie de criterios xerais de corrección:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta. Todas as cuestións teóricas deberán ser razoadas e o feito de non facelo conlevará unha puntuación de cero no apartado correspondente.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe da física e da química.
- Os erros graves de concepto conlevarán a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado (se houberse algún exercicio exclusivamente de formulación e/ou nomenclatura cualificaríase penalizando as respostas incorrectas (o sexa os acertos suman, as respostas en branco nin suman nin restan e os fallos restan)).
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun cero, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu o dito resultado.
- Os erros nas unidades ou ben o feito de non poñelas descontarán un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.

C) PROMOCIÓN.

Os alumnos/as que, seguindo os criterios de cualificación especificados no apartado anterior, non superen a materia nas convocatorias ordinaria ou extraordinaria, terán que recuperala no curso seguinte (coas excepcións que poida especificar a lexislación vixente).

FÍSICA (2º BAC)

Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos de avaliación que empregarán os profesores para determinar a evolución do alumnado son os seguintes:

- Probas escritas

En cada avaliación faranse as probas escritas que se consideren necesarias (neste apartado están incluídos os exames escritos). Todos os exames deberán ser realizados por **todos** os/as alumnos/as sen excepción.

A materia divídese en tres bloques:

BLOQUE 1 GRAVITACIÓN e ELECTROMAGNETISMO (na avaliación ordinaria contará un 50% da nota global).

BLOQUE 2 ONDAS e ÓPTICA GEOMÉTRICA (na avaliación ordinaria contará un 30% da nota global).

BLOQUE 3 LA FÍSICA DEL SIGLO XX (na avaliación ordinaria contará un 20% da nota global).

Para obter a nota das probas escritas terase en conta que despois de realizar as probas escritas parciais de cada bloque farase unha proba escrita global de cada un deles, sendo a cualificación final das probas escritas de cada bloquea que resulte de realizar a seguinte operación:

Nota probas escritas de bloque = (media aritmética notas de probas parciais + 2 . nota proba escrita global de bloque) / 3

- Traballo diario

Valorarase mediante a observación directa (podéndose utilizar, por exemplo, escalas de observación) e a análise das producións dos alumnos (problemas numéricos, exercicios, ...) tanto no traballo de clase como na casa.

- Traballo de laboratorio

Valorarase mediante a observación directa do traballo realizado no laboratorio e mediante a análise do correspondente informe escrito de prácticas.

- **Traballo de investigación**

Este apartado inclúe traballos e exposicións e valorarase mediante a análise do informe escrito, a exposición oral do traballo, a observación directa se a procura de información se realiza na clase e, se fose o caso, o debate cos compañeiros/as sobre o dito no traballo.

Procedementos de avaliación.

- As probas escritas deseñaranse con especial atención a comprobar as competencias do alumnado. O nivel de esixencia dependerá do curso ao que pertenza o alumno. En función dos contidos avaliados, as probas testarán:
 - **Comunicación lingüística (CCL):** Os alumnos construírán definicións de conceptos, magnitudes e unidades.
 - **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) :** os alumnos realizarán cálculos coa axuda da calculadora. A complexidade adaptarase a base matemática estándar para o curso que se avalía.
 - **Competencia dixital (CD):** nas probas escritas os alumnos terán que interpretar gráficos.
 - **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):** Os alumnos demostrarán coñecemento en procedementos xerais, por exemplo, sendo capaces de extrapolar os resultados dun caso a outros similares ou apreciar excepcionalidades. Deberán ser quen de aplicar os conceptos estudados a situacións problemáticas.
 - **Competencia cidadá (CC).** Os alumnos deberán ser quen de aplicar os conceptos estudados a situacións problemáticas da súa realidade cotián.
 - **Competencia emprendedora (CE).** Os alumnos deberán ser quen de propoñer solucións a problemas reais a partir dos coñecementos aprendidos.
- Con posterioridade a proba, facilitarase a cada alumno o resultado da mesma de xeito que resulte unha avaliación formativa na que se dean orientacións acerca dos coñecementos e dos procedementos.

- Ao longo do curso, o alumnado terá ocasión de recuperar as deficiencias detectadas. En cada caso, porase especial atención en especificar a cada alumno os aspectos concretos que debe recuperar; neste punto, e cando se trate de déficits instrumentais ou procedementais, pode ser axeitado contar coa colaboración do/a Titor/a do curso, o Departamento de Orientación ou mesmo a colaboración dos pais ou tutores legais.

As participacións orais, aptitudinais e actitudinais, serán rexistradas polo/a profesor/a para cada alumno.

No momento de establecer a avaliación final, o/a profesor/a debe poder xustificar a mesma en base ao rexistro de todas as actividades sinaladas.

Criteria sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

A) AVALIACIÓN.

Os principios que deberán orientar a toma de decisións na avaliación son:

- Carácter procesual e continuo, que lle permita estar presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todo tipo de actividades e non só en momentos puntuais e illados.
- Considerar a totalidade de elementos que entran a formar parte do feito educativo e atenderá globalmente a todos os ámbitos da persoa.
- Terá en conta a singularidade de cada individuo/a analizando o seu propio proceso de aprendizaxe, as súas características e necesidades específicas.

Os criterios de avaliación están especificados nas táboas correspondentes e para poder realizar correctamente a avaliación de cada un destes criterios é necesario realizar avaliacións en diferentes momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

B) CUALIFICACIÓN.

A ponderación dos diferentes aspectos do traballo do alumnado na nota do curso reflíctese na seguinte táboa*:

	Física 2º Bacharelato
Probas escritas	70%
Traballo diario	10%
Traballo de laboratorio	10%
Traballo de investigación	10%

*No caso de que non se realizase traballo de laboratorio, a porcentaxe correspondente a este apartado acumularíase ao apartado de probas escritas; e no caso de que non se realizase traballo de investigación, a porcentaxe correspondente a este apartado acumularíase ao apartado de traballo diario.

Para obter a nota da materia, faremos a seguinte **operación**:

$$\text{Nota A} = (\text{Nota Bloque 1} \cdot 0,5 + \text{Nota Bloque 2} \cdot 0,3 + \text{Nota Bloque 3} \cdot 0,2)$$

Se a nota A dá un valor igual o superior a cinco puntos sobre dez, o alumno/a aprobará a materia e esa será a súa nota da convocatoria ordinaria.

No caso contrario, se a **operación** indicada anteriormente dá un valor inferior a cinco puntos sobre dez, o alumno/a terá que realizar unha proba de recuperación final na que incluíranse todos os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso. E a súa nota da avaliación ordinaria será a que resulte de facer a seguinte operación:

$$\text{Nota avaliación ordinaria} = \text{Nota A} \cdot 0,3 + \text{Nota proba recuperación final} \cdot 0,7$$

Aqueles alumnos cuxa nota definitiva de avaliación ordinaria (despois de realizada a proba de recuperación final) siga a ser menor de cinco puntos sobre dez, no período abranguido dende a avaliación ordinaria ata a avaliación extraordinaria, poderán facer unha serie de actividades de

repasso destinadas á recuperación da mesmae terán que acudir á convocatoria extraordinaria de xuño (na dita convocatoria extraordinaria incluíranse todos os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso).

Para aqueles alumnos que teñan superada a materia na convocatoria ordinaria, o departamento ofertará (no período abranguido dende a avaliación ordinaria ata a avaliación extraordinaria) unha serie de actividades de reforzo e ampliación destinadas á mellora da súa preparación para a realización das probas ABAU.

Cómpre salientar que a nota das avaliacións parciais será a nota obtida ao facer a media ponderada dos distintos instrumentos de avaliación durante o período da mesma, sen ter en conta as recuperacións. Terá, por tanto, un carácter meramente informativo sobre o desenvolvemento do/a alumno/a durante a correspondente avaliación (SEN OBLIDAR QUE A NOTA DA AVALIACIÓN ORDINARIA SERÁ A NOTA CALCULADA SEGUNDO A **OPERACIÓN** INDICADA NO PARÁGRAFO CORRESPONDENTE DESTE APARTADO).

Non se farán recuperacións parciais por avaliacións.

Se o resultado final destas cualificacións é un número non enteiro, queda a criterio do profesor da materia, o redondeo ó número enteiro superior ou inferior, tendo en conta a súa actitude fronte a materia e as actividades desenvolvidas polo alumno, así como a evolución no seu proceso de aprendizaxe.

Por outra banda, establécense unha serie de criterios xerais de corrección:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta. Todas as cuestións teóricas deberán ser razoadas e o feito de non facelo conlevará unha puntuación de cero no apartado correspondente.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe da física.
- Os erros graves de concepto conlevarán a anular o apartado correspondente.

- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun cero, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu o dito resultado.
- Os erros nas unidades ou ben o feito de non poñelas descontarán un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.

C) PROMOCIÓN.

Os alumnos/as que, seguindo os criterios de cualificación especificados no apartado anterior, non superen a materia nas convocatorias ordinaria e extraordinaria, terán que recuperala no curso seguinte (coas excepcións que poida especificar a lexislación vixente)

QUÍMICA (2º BAC)

Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos de avaliación que empregarán os profesores para determinar a evolución do alumnado son os seguintes:

- **Probas escritas**

En cada avaliación faranse as probas escritas que se consideren necesarias (neste apartado están incluídos os exames escritos). Todos os exames deberán ser realizados por **todos** os/as alumnos/as sen excepción.

- **Traballo diario**

Valorarase mediante a observación directa (podéndose utilizar, por exemplo, escalas de observación) e a análise das producións dos alumnos (problemas numéricos, exercicios, ...) tanto no traballo de clase como na casa.

- **Traballo de laboratorio**

Valorarase mediante a observación directa do traballo realizado no laboratorio e mediante a análise do correspondente informe escrito de prácticas.

A materia divídese en catro bloques:

BLOQUE 1. A actividade científica

BLOQUE 3. Reaccións químicas

BLOQUE 4. Síntese orgánica e novos materiais

BLOQUE 2. Orixe e evolución dos compoñentes do Universo.

Comezarase a materia facendo un repaso á formulación inorgánica e cálculos numéricos elementáis en Química, visto en 1º de Bacharelato.

Procedementos de avaliación.

- As probas escritas deseñaranse con especial atención a comprobar as competencias do alumnado. O nivel de esixencia dependerá do curso ao que pertenza o alumno. En función dos contidos avaliados, as probas testarán:
- **Comunicación lingüística (CCL):** Os alumnos construírán definicións de conceptos, magnitudes e unidades.
- **Competencia matemática competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) :** os alumnos realizarán cálculos coa axuda da calculadora. A complexidade adaptarase a base matemática estándar para o curso que se avalía.
- **Competencia dixital (CD):** nas probas escritas os alumnos terán que interpretar gráficos.
- **Aprender a aprender (CAA):** os alumnos demostrarán coñecemento en procedementos xerais, por exemplo, sendo capaces de extrapolar os resultados dun caso a outros similares ou apreciar excepcionalidades.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).** Os alumnos deberán ser quen de aplicar os conceptos estudados a situacións problemáticas ou non da súa realidade cotián.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Os alumnos deberán ser quen de propoñer solucións a problemas reais a partir dos coñecementos aprendidos.
- Con posterioridade a proba, facilitarase a cada alumno o resultado da mesma de xeito que resulte unha avaliación formativa na que se dean orientacións acerca dos coñecementos e dos procedementos.

- Ao longo do curso, o alumnado terá ocasión de recuperar as deficiencias detectadas. En cada caso, porase especial atención en especificar a cada alumno os aspectos concretos que debe recuperar; neste punto, e cando se trate de déficits instrumentais ou procedimentais, pode ser axeitado contar coa colaboración do/a Titor/a do curso, o Departamento de Orientación ou mesmo a colaboración dos pais ou titores legais.

As participacións orais, aptitudinais e actitudinais, serán rexistradas polo/a profesor/a para cada alumno.

No momento de establecer a avaliación final, o/a profesor/a debe poder xustificar a mesma en base ao rexistro de todas as actividades sinaladas.

Criteria sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

G) AVALIACIÓN.

Os principios que deberán orientar a toma de decisións na avaliación son:

- Carácter procesual e continuo, que lle permita estar presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de todo tipo de actividades e non só en momentos puntuais e illados.
- Considerar a totalidade de elementos que entran a formar parte do feito educativo e atenderá globalmente a todos os ámbitos da persoa.
- Terá en conta a singularidade de cada individuo/a analizando o seu propio proceso de aprendizaxe, as súas características e necesidades específicas. Os criterios de avaliación están especificados nas táboas correspondentes e para poder realizar correctamente a avaliación de cada un destes criterios é necesario realizar avaliacións en diferentes momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

H) CUALIFICACIÓN.

- Con carácter específico, os **criterios de cualificación para a materia de Química de segundo de bacharelato**, xa que neste curso ten relevancia importante a preparación dos alumnos para as probas de ABAU, pero tamén a formación integral dos alumnos para a continuación da súa formación académica tanto en ciclos formativos de grado superior ou na formación universitaria, serán os seguintes:

Realizaranse tres avaliacións parciais, e cada unha incluírá os contidos e procedementos que se impartiron durante o correspondente trimestre de cada avaliación.

En cada avaliación faranse varias probas escritas, e na última entrarán todos os contidos e procedementos das probas anteriores, sendo a puntuación de dita proba o dobre das outras

Nas probas escritas da 2ª e 3ª avaliación poderá entrar un ou máis problemas e/ou cuestións de calquera das avaliacións anteriores

Para o cálculo da nota final das diferentes probas escritas de cada avaliación farase o seguinte cálculo:

Nota Avaliación = (nota 1ª proba + nota 2ª proba +... + 2 . nota última proba / 1+número de probas feitas en dita avaliación)

Exemplo práctico, se o alumno fixo tres probas escritas , a primeira coa cualificación dun 4 e na segunda un 8 e na terceira un 6, a nota final nas probas escritas da dita avaliación será = $(4+8+2.6) / 4 = 6$.

ESTA NOTA FINAL TEN QUE SER COMO MÍNIMO UN 5, será obrigatorio entregar a memoria das prácticas realizadas en cada avaliación para que se considere aprobada dita avaliación

Os alumnos que non superen a proba escrita porque a súa nota dá un valor inferior a cinco puntos sobre dez, o alumno/a poderán realizar unha proba de recuperación e a nota final será:

Nota Recuperación = Nota Avaliación . 0,4 + Nota proba recuperación final . 0,6

A ponderación dos diferentes aspectos do traballo do alumnado na nota do curso reflíctese na seguinte táboa*:

	Química 2º Bacharelato
Probas escritas	80%
Traballo diario	10%
Traballo de laboratorio	10%

A nota das avaliacións parciais será a nota obtida ao facer a media ponderada dos distintos instrumentos de avaliación durante o período da mesma, e deberá de ser **como mínimo dun 5 na proba escrita** para superar a avaliación. (É obrigatorio entregar a memoria de todas as prácticas)

A nota global será a media aritmética das tres avaliacións.

Se a **nota global** dá un valor inferior a cinco puntos sobre dez, o alumno/a terá que realizar unha proba de **recuperación final** na que incluíranse todos os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso. E a súa nota da avaliación ordinaria será a que resulte de facer a seguinte operación:

Nota avaliación ordinaria = Nota global . 0,4 + Nota proba recuperación final . 0,6

Aqueles alumnos cuxa nota definitiva de avaliación ordinaria (despois de realizada a proba de recuperación final) siga a ser **menor de cinco puntos sobre dez**, no período abranguido dende a **avaliación ordinaria** ata a **avaliación extraordinaria**, poderán facer unha serie de actividades de repaso destinadas á recuperación da mesma e terán que acudir á convocatoria extraordinaria de xuño (na dita convocatoria extraordinaria incluíranse todos os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso).

Se o resultado final destas cualificacións é un número non enteiro, queda a criterio do profesor da materia, o redondeo ó número enteiro superior ou inferior, tendo en conta a súa actitude fronte a materia e as actividades desenvolvidas polo alumno, así como a evolución no seu proceso de aprendizaxe.

Para aqueles alumnos que teñan superada a materia na convocatoria ordinaria, o departamento ofertará (no período abranguido dende a avaliación ordinaria ata a avaliación extraordinaria) unha serie de actividades de reforzo e ampliación destinadas á mellora da súa preparación para a realización das probas ABAU.

Establécense unha serie de criterios xerais de corrección:

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta. Todas as cuestións teóricas deberán ser razoadas e o feito de non facelo conlevará unha puntuación de cero no apartado correspondente.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos a seguir, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe da física.
- Os erros graves de concepto conlevarán a anular o apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto.
- Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación pode ser valorado cun cero, se o corrector non é capaz de ver de onde saíu o dito resultado.
- Os erros nas unidades ou ben o feito de non poñelas descontarán un 25% da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica algunha e o alumno non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado.

I) PROMOCIÓN.

Os alumnos/as que, seguindo os criterios de cualificación especificados no apartado anterior, non superen a materia nas convocatorias ordinaria e extraordinaria, terán que recuperala no curso seguinte (coas excepcións que poida especificar a lexislación vixente)

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A organización docente prevé a realización de dúas probas, distribuídas no primeiro e no segundo trimestre, para a recuperación das materias pendentes, mais unha proba final de recuperación, no terceiro trimestre. A distribución da materia correspondente a cada unha das probas será

comunicado ao alumno e aos pais ou titores mediante unha carta con acuse de recibo.

Tamén se lles suministrará un libro da asignatura aos alumnos que o necesiten, este o devolverán ao final de curso

Na proba final os alumnos deberán recuperar as partes que se lle indiquen, en funcións dos resultados parciais obtidos.

O Departamento preparará unhas fichas de traballo para cada unha das Unidades didácticas, fichas que a Xefa do Departamento subirá ao aula virtual do instituto, así como todo o material necesario para superar a materia.

A completa realización destas fichas e a súa entrega nas datas sinaladas será tida en conta de xeito positivo contando ata un 20 % da nota do exame da avaliación.

Para superar a proba o alumno/a deberá levar como mínimo un 5 na proba escrita, sempre que haxan entregado as tarefas.

A experiencia de anos anteriores fai ser pouco optimistas cara a realización por parte do alumnado pendente deste traballo específico. Por este motivo, a súa cumprimentación e entrega non se considera condición inescusable para obter avaliación positiva da materia, nese caso o alumno/a deberá levar un 5 na proba escrita.

Aínda que tódolos exercicios serán corrixidos pola xefa de departamento, antes de dar a coñecer as notas finais, os demais profesores do Departamento, supervisaran os exames, así como as fichas de traballo, e decidirán en consecuencia.

Os alumnos de 2º de Bacharelato que teñan pendente a Física e Química de 1º de Bacharelato

Comenzarán pola proba de química, e o segundo exáme será de Física. Aplicaranse os mesmos criterios que os demais alumnos/as pendentes de outros cursos.

As datas de realización das probas serán as que especifique a Xefatura de Estudos.

Este curso 2023-24

A 1ª **Avaliación**, realizarase a semana do 6 ao 10 de novembro.

A 2ª **Avaliación**, a semana do 12 ao 16 de febreiro.

De non ter superadas algunha ou as dúas Avaliacións, farase unha **proba final** a semana do 22 ao 26 de abril.